



ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DOS INMOBLES ECLESIAÍSTICOS INCLUÍDOS NO ANEXO DE INTERVENCIÓNS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Ángel Miramontes Carballada, director xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural pretende asinar coa Diocese de Santiago de Compostela, unha addenda ao convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata a completa finalización das obras a realizar sobre os inmobles obxecto da posta a disposición e, en todo caso, non superior a catro anos.

Que a addenda ten por obxecto: incorporar unha actuación ao anexo de intervencións vinculadas ao convenio asinado o pasado 27.03.2025.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que a addenda que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O 27 de marzo de 2025 a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Diocese de Santiago de Compostela asinaron un convenio para a posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración dos inmobles eclesiásticos incluídos no anexo do convenio.

A cláusula segunda do citado convenio establece que a relación de obras recollidas no anexo así como a relación de inmobles eclesiásticos que van ser obxecto das intervencións poden ser obxecto de modificación ao longo do período de vixencia do convenio, incorporando novos edificios, bens e intervencións ou retirando os xa incorporados nos que non sexa posible chegar a formalizar a contratación das obras. Estas variacións do listado incluído no Anexo de Intervencións serán recollidas en sucesivas addendas ao convenio que teñan por





obxecto a actualización da lista de intervencións previstas ao abeiro do convenio.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura da addenda ao convenio asinado, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

